

**INFORME TÉCNICO SOBRE A MEMORIA DE CALIDADE DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA CORRESPONDENTE AO CURSO 2020-2021.****SOLICITANTE:** COMISIÓN DE CALIDADE DO CENTRO.

Con data 12 de maio de 2022 recíbese na ÁREA de Calidade e Mellora dos Procedimentos (ACMP), para a súa revisión e emisión de informe técnico, a Memoria de Calidade da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (EPSE) correspondente o curso 2020-2021.

**CONSIDERACIÓNIS LEGAIS E TÉCNICAS:**

Primeira: A figura da acreditación institucional, introducida polo Real decreto 420/2015 do 9 de maio, abriu un novo escenario, no que a Memoria de Calidade de cada centro debía constituir o documento que recollera o seguimento dos títulos e do propio Sistema de Garantía de Calidade.

A dita figura da acreditación institucional tomou áinda máis relevancia a partir da aprobación do Real Decreto 640/2021 de 27 de xullo, de *creación, recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios, e acreditación institucional de centros universitarios* e do Real Decreto 822/2021 de 28 de setembro, *polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de garantía da súa calidade*.

O dito decreto 640/2021 establece o principio de corresponsabilidade na xestión e garantía da calidade, que se asenta no proceso de acreditación institucional, baseado no recoñecemento da capacidade para garantir a calidade académica dos sistemas internos dos centros.

Por tanto, cada centro deberá analizar o desenvolvemento e os resultados dos seus títulos así como o funcionamento do seu Sistema de Garantía de Calidade, tendo en conta a súa planificación estratéxica e os seus obxectivos, no marco da planificación da institución.

Segunda: De acordo co proceso de Revisión e mellora (Código: PE-02 *Revisión e mellora do Sistema de Garantía de calidade*) a análise global de funcionamento de cada un dos títulos e do SGC queda recompilada na Memoria de Calidade do Centro. A través da citada memoria péchase o ciclo de calidade anual do centro.

Os contidos mínimos que debe recoller nesta memoria son:

1. Introdución
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados
  - o Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
  - o Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
  - o Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
  - o Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
  - o Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
  - o Directriz 6. Información Pública
3. Plan de melloras

4. Modificacións nos diferentes títulos
5. Listaxe de evidencias e indicadores

En cada apartado débense realizar as análises e reflexións oportunas, o seguimento das melloras formuladas en anos anteriores, propoñer melloras a implantar nos títulos e no centro para o seguinte ciclo e analizarse o funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade.

#### **CONCLUSIÓN:**

A memoria amosa o compromiso da escola coa calidade da docencia e coa mellora continua. Trátase dun documento organizado, onde se pode acceder á documentación complementaria mediante as ligazóns incluídas no propio texto. A memoria tamén reflicte as sinerxias que se producen entre o SGC da escola e os requisitos do selo EUR-ACE.

Esta área, unha vez valorada a memoria do centro e o conxunto de evidencias de carácter documental contidas na memoria e de conformidade cos criterios establecidos, informa **favorablemente**. Non obstante, propóñense as seguintes **recomendacións** para futuros ciclos de revisión:

- Directriz 1:
  - Suxírese facer mención a se os mecanismos de recollida de información dos grupos de interese son eficaces.
- Directrices 2 a 6:
  - Recoméndase que a comparación das taxas, recursos humanos, etc na actualidade co recollido nas memorias de verificación, se realice en todos os títulos.
  - Co obxecto de facer máis lixeiro o documento, recoméndase incluír ligazóns aos diferentes informes, evidencias etc, no canto de reproducilas no propio texto.

De acordo co proceso establecido, a vicerreitoría con competencias en calidade daralle traslado á Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello do Goberno que poderá, de ser o caso, formular recomendacións.

Santiago de Compostela, na data e lugar da sinatura dixital.

O Adxunto á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización para Calidade

Antonio Mosquera González

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO MOSQUERA GONZALEZ, NIF \*\*\*5823\*\*, 07/06/2022 14:09:28.

CSV: 70A0-A8A0-4942-BC39